



Concello de Oza-Cesuras

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

AMPLIACIÓN PLAZO DE ADHESIÓN DOS ESTABLECEMENTOS Á CAMPAÑA DE FOMENTO DO CONSUMO LOCAL EN OZA-CESURAS

BONOS NADAL 2021

Por Resolución da Alcaldía de data 23 de novembro de 2021 resolveuse aprobar a campaña de fomento do consumo local en Oza-Cesuras (BONOS NADAL 2021).

Con esa mesma data a campaña foi publicada na páxina web do concello o pasado martes 23 de novembro e o prazo de presentación das solicitudes de participación remata hoxe ás 23:59 horas.

Tendo en conta as múltiples dificultades ás que deben facer fronte aos establecementos na actual situación sanitaria e co fin de incentivar o consumo no concello e apoiar o pequeno comercio e a hostelería do municipio, esta Alcaldía, en uso das facultades que legalmente lle corresponden, pola razóns anteriormente expostas e antes de que remate o prazo establecido para presentar as solicitudes de participación,

ACORDA:

Primeiro: Modificar a data límite de presentación establecida no punto 3.1 da dita campaña de fomento do consumo local en Oza-Cesuras ampliando o prazo para a presentar a documentación de adhesión dos establecementos aos “Bono xuvenil Oza-Cesuras 2021” e “Bono Nadal Oza-Cesuras 2021” ata as 11:00 horas do vindeiro martes 14 de decembro de 2021.

Segundo: Publicar a presente resolución na páxina web oficial do concello para xeral coñecemento e aos efectos oportunos.

En Oza-Cesuras, na/s data/s da/s sinatura/s electrónica/s

O ALCALDE.

Asdo./ José Pablo González Cacheiro

Dou fe,
A SECRETARIA-INTERVENTORA
ACCIDENTAL,

Asdo./ María Belén García Otero

